

**POSIBLES IDEAS PARA  
UNHA HOMILÍA CON NENOS  
16 FEBREIRO 2020**

**O Amor sobre a Lei  
lévanos máis alto. Salta!**

**1.Ver: As leis que nos poñemos.**

-Na casa, no cole, cando xogamos ao fútbol, cando conducimos... seguimos unhas normas que nos favorecen a convivencia, de non ser así todo sería un caos.

***Que normas seguen os condutores?  
Que límites temos na casa ou no grupo?***

**2.XULGAR: O Amor sobre a Lei lévanos máis alto.**

-No evanxeo deste domingo Xesús dinos ***“non vin abolir a Lei senón a darlle plenitude”***. E logo fálanos dalgúns **mandamentos** manifestando que non abonda con non matar, nin con non dicir mentiras... Hai que ir máis aló.

**-QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

-Observamos o debuxo de Fano: preséntanos ao libro da Lei, ou sexa a Biblia, que é o libro que nos guía como cristiáns. Sobre o libro aparecen uns resortes que sosteñen e impulsan un gran corazón. Xesús e o Espírito Santo axudan a dar o salto da lei fría ao amor concreto.

-**Os cristiáns temos unhas normas, uns límites, un camiño a seguir tal como nos explica a Palabra de Deus: son os 10 mandamentos.**

- Mais os 10 mandamentos non abondan con cumprilos. **Hai que cumprir o seu “espírito”, amar.** Estes dez mandamentos resúmense en dous: **amarás** a Deus sobre todas as cousas e ao próximo como a ti mesmo.
- \*No 5º, por exemplo, non abonda con “non matar”, hai que coidar a vida, respectar o outro... Ollo co “cumpro-minto”: cumpro e minto.
- Xesús móstranos coa súa vida, coas súas opcións, que **a plenitude da Palabra está no AMOR.** Ás veces, que complicados somos con tantas normas, leis, prescricións... Pero todo é moito máis sinxelo: basta con amar e perdoarse.
- O amor sobre a lei lévanos máis alto, porque en realidade a única lei do seguimento de Xesús é o trampolín do seu amor. Que a frescura do Evanxeo nos axude a vivir cos “resortes” que nos lanzan cara arriba **nas relacións con Deus, co noso próximo e connosco mesmos.**

### *Que nos pide Xesús?*

## **3.ACTUAR: Salta sobre as normas, ama.**

- Aprendede os 10 mandamentos. Escibide o seu enunciado en positivo.
- Tratade de relacionarvos con Deus** cun trato de amor: sen ver o ir a misa como un mandamento senón como unha necesidade de ser o seu amigo, de atoparse con el.
- Que o trato cos demais sexa achegado,** con detalles, con xestos... Vaite máis aló do que é obrigatorio ou o que está mandado á hora de axudar ou acoller.
- Intenta crecer en valores,** desenvolveras túas calidades para o servizo dos outros.

### *Que imos facer cada un e como grupo?*

# A PALABRA

## ECLESIAÍSTICO 15, 15-20: *A ninguén obrigou a ser impío.*

Se queres, gardarás os mandamentos e permanecerás fiel á súa vontade. El púxoche diante lume e auga, estende a túa man ao que queiras. Ante os homes está a vida e a morte, e a cada un daráselle o que prefira. Porque grande é a sabedoría do Señor, forte é o seu poder e veo todo. Os seus ollos miran aos que o temen, e coñece todas as obras do home. A ninguén obrigou a ser impío, e a ninguén deu permiso para pecar.

*Palabra do Señor.*

- **SALMO. 118: R/.** Ditoso o que camiña na lei do Señor.
- **1ª CORINTIOS 2, 6-10:** *Dios predestinou a sabedoría antes dos séculos para a nosa gloria.*

Irmáns: Falamos de sabedoría entre os perfectos; pero unha sabedoría que non é deste mundo nin dos príncipes deste mundo, condenados a perecer, senón que ensinamos unha sabedoría divina, misteriosa, escondida, predestinada por Deus antes dos séculos para a nosa gloria. Ningún dos príncipes deste mundo a coñeceu, pois, se a coñecesen, nunca houbesen crucificado o Señor da gloria. Senón que, como está escrito: «*Nin o ollo viu, nin o oído oíu, nin o home pode pensar o que Deus preparou para os que o aman*». E Deus revelóunolo polo Espírito; pois o Espírito sóndao todo, incluso o profundo de Deus.

*Palabra do Señor.*

- **MATEO 5, 17.20-22a. 27-28. 33-34a. 37 (Breve):** *Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -“Non creades que vin abolir a Lei e os Profetas: non vin abolir, senón a dar plenitude”

Dígovos que se a vosa xustiza non é maior que a dos escribalos e fariseos, non entraredes no reino dos ceos.

Oístes que se dixo aos antigos: “**Non matarás**”, e o que mate será reo de xuízo. Pero eu dígovos: todo o que se deixa levar da cólera contra o seu irmán será procesado.

Oístes que se dixo: “**Non cometerás adulterio**”. Pero eu dígovos: todo o que mira a unha muller desexándoa, xa cometeu adulterio con ela no seu corazón.

Tamén oístes que se dixo aos antigos: “**Non xurarás en falso**” e “**Cumprirás os teus xuramentos ao Señor**”.

Pero eu dígovos que non xuredes en absoluto.

**Que o voso falar sexa si, si, non, non.** O que pasa de aí vén do Maligno» absoluto.

*Palabra do Señor.*

**(Narrador- Xesús)**